
PROGRAMACIÓN 5º INFANTIL: 14-17 abril

Lembrede que as actividades que se propoñen non son “deberes” nin son obrigatorias en ningún caso. Son propostas para os que queirades continuar na mesma liña coa que estabamos a traballar na escola. Podedes adaptalas aos vosos tempos e en ningún caso hai que forzar ao neno a realizalas.

Tamén vos recomendo que lle botedes un ollo ao blog “A escola infantil na casa” da Xunta de Galicia, no que podedes atopar ideas, recursos e reflexións co obxecto de axudarvos a levar mellor estes días na casa cos vosos fillos.

Martes, 14 de abril

Momento da “Asamblea”

- Podemos comezar escoitando algunha canción que lle guste ao neno. Ou pedíndolle que cante algunha das cancións que aprendemos no cole.
- Sinalamos o día que é hoxe no calendario. Escribimos nun papel o número. Podemos practicar a serie numérica contando ata ese número.
- Escribimos o día da semana que é hoxe e recoñecemos cada letra. Preguntamos que día foi onte e que día será mañá.
- Falamos da estación na que estamos.
- Contamos os membros da familia que estamos na casa.
- Podemos facer un reconto dos compañeiros do cole a ver se nos acordamos de todos os nomes, deixamos que comece o neno e ímoslle dando pistas se non se lembra de todos:
Nerea A, Mateo, Nerea C, Hugo, María, Mathías, Alfonso, Nadia, Adrián G, Leo, Aarón, Gael, Martín, Izan, Eduardo, Sofía, Astrid, Marcos, Adrián T, Mael, Marta.
- Que imos comer hoxe? Necesitamos ir a mercar algo? Podemos facer a lista de ingredientes que necesitaremos para facer a comida ou a lista da compra.

Momento de traballo

Plastilina caseira: natural e ecolóxica.

Hoxe propoñemos facer plastilina caseira que nos servirá como proceso de aprendizaxe e aproveitaremos para xogar os vindeiros días.



É importante que sexa o neno/a o protagonista na elaboración da plastilina. De nada serviría que fagades todo os adultos sen implicar ao neno no proceso de elaboración.

Podemos comezar escribindo co neno nun papel os ingredientes que se van necesitar e as medidas dos ingredientes, incidindo en palabras como “fariña”, “auga”, “aceite”, “sal”... falando das letras que teñen estas palabras e xogando a identificar esas letras no paquete da fariña, na botella do aceite...

Tamén debemos deixar que sexa o neno o que bote os ingredientes no recipiente e sexa consciente do número de veces que hai que repetir unha acción (3 veces unha culler con aceite, 2 veces e media unha cunca con fariña...).

Ingredientes que imos necesitar:

- 2 cuncas e media de fariña
- 1 cunca e media de auga quente
- 3 culleradas de aceite
- ½ cunca de sal fina
- Colorantes vexetais ou cacao/café/orégano/pimentón...
- 2 culleradas de cremor tártaro ou vinagre de alcohol (se non temos estes ingredientes non pasa nada, pódense omitir). Tamén se pode poñer no seu lugar xugo de un limón.

Paso a paso:

- Mesturamos a fariña, o sal, o aceite e o cremor tártaro nun recipiente.
- Engadimos lentamente a auga quente (quente pero sen ferver) ata obter unha masa pegañenta. Deixamos arrefriar ata que poidamos amasala sen queimarnos.

- Unha vez que a masa estea fría, dividíamola en tantas partes coma cores queiramos obter. E colocamos o colorante ou ingrediente en cada porción. Podemos utilizar cacao, café, pimentón, cúrcuma, orégano... ou as especias e ingredientes que teñades na casa para darlle un toque sensorial a maiores. Así, cando o neno vaia a xogar con ela, ao ulila, pode recoñecer que tipo de plastilina é segundo o seu ingrediente especial. No caso de que prefirades unha plastilina que se pareza máis á comercial, podeades engadir un pouco de témpera líquida.
- Amasamos ben con forza durante uns minutos engadindo se fose necesario fariña ou aceite de pouco en pouco ata obter a consistencia desexada.
- Deixámola repousar uns minutos.
- Lista para xogar!

Consello: esta plastilina pode durar ao redor de dúas semanas dependendo do uso que se lle dea. Para unha mellor conservación debe gardarse en tupperes ou en bolsiñas cerradas coa menor cantidade de aire posible.

Momento de xogo de mesa

Xogamos co neno ao que lle apeteza nese momento: puzzle, plastilina, memory, dominó... (o que teñades na casa). Podemos darlle a escoller o que prefira pero é importante que non escolla todos os días o mesmo e que varíe no tipo de xogo.

Momento do conto

É recomendable ler ao menos, un conto cada día. Cando rematamos de lelo, podemos xogar a atopar e contar letras nas páxinas do conto. Por exemplo: a ver cantas “M” vemos nesta páxina.

Despois da lectura do conto, conversamos sobre que lles gustou máis do conto e facemos o debuxo de algún personaxe ou escena do conto.

Momento de exercicio físico

O exercicio físico é moi importante no desenvolvemento integral do neno. Por iso, debemos procurar que durante a etapa que pasamos na casa, non estean sempre sentados e sen moverse. Deben bailar, saltar, corretear... e moverse pola casa na medida do posible.

En Youtube tedes infinidade de vídeos de loga para nenos, ximnasia... É recomendable dedicar uns minutos ao día para facer exercicio.

Momento de xogo na Tablet ou dispositivo móbil

Os dispositivos electrónicos poden ser unha boa ferramenta de aprendizaxe sempre que se utilicen correctamente e non se abuse do seu uso. Debemos pactar co neno o momento no que rematará o xogo nestes dispositivos para evitar que pasen demasiado tempo neles.

Tamén podedes dedicar un tempo ao día para facer vídeo chamadas cos seus familiares e amigos do cole.

Apps e xogos en aberto que estes días poñen á nosa disposición distintas editoriais:

- Grupo SM: “Yo aprendo en casa, infantil”
- App “Pupitre” da Editorial Santillana.

Momento de xogo libre

É recomendable que o neno teña un tempo cada día para xogar cos xoguetes que prefira dos que teña na casa procurando que non escolla o mesmo todos os días. É importante que despois do xogo, sexa o neno o que recolla e garde cada cousa no seu lugar, ao igual que fan no cole.

Proposta do día

Hoxe propoñemos darlle uso á nosa nova plastilina caseira e facer un repaso dos planetas aprendidos semanas atrás.

Lembrádesvos de todos os nomes dos planetas e da súa orde?



Momento da “Asamblea”

Seguimos os mesmos pasos e rutinas xa explicados no día anterior.


Momento de traballo

Hoxe imos falar da nosa galaxia: A Vía Láctea.

- Explicamos que unha **galaxia** é un conxunto de estrelas, planetas, nubes de gas... que está nun sitio determinado do Espazo.
- Vemos en Youtube un pequeno documental. Poñemos no buscador: “El Universo, estrellas y galaxias. Vídeos educativos para niños” de Happy Learning.
- A galaxia na que está o Sistema Solar, polo tanto, a Terra, chámase **Vía Láctea**: escribimos Vía Láctea incidindo na grafía das diferentes letras e na conciencia fonolóxica de cada letra (como sonan).

Contamos cantas letras ten “vía” e “láctea” e logo facemos a suma para ver cantas letras son en total.

- Ensinámoslle imaxes da Vía Láctea en internet. Vemos que **ten forma de espiral**.
- Xogamos a facer espirais para practicar a grafo motricidade.



Primeiro podemos facer espirais con plastilina ou co dedo sobre unha bandexa de area ou fariña. Despois, faremos as espirais sobre un papel con cores ou rotuladores.

Podedes facer a vosa propia vía láctea decorándoa como queirades.

- Preguntámoslle ao neno que outros elementos coñecen que teñan forma de espiral (por exemplo, cuncha do caracol), podemos debuxalo ou modelalo con plastilina.



Momento de xogo de mesa

Momento do conto

Momento de exercicio físico

Momento de xogo na Tablet ou dispositivo móbil

Momento de xogo libre

Proposta do día

Hoxe propoñemos un xogo de espiral. Primeiro, teremos que facer unha espiral de plastilina grande nunha superficie cómoda á que o neno lle chegue ben. Facemos tamén unha pequena bola de plastilina ou unha bola de papel de aluminio e marcamos unha meta de chegada ao final da espiral. Coa axuda dunha palliña, teremos que conducir a boliña ata chegar á meta sen utilizar as mans.



Podemos simular que se trata dun planeta que ten que saír da vía láctea.

Mércores, 15 de abril

Momento da “Asamblea”

Seguimos os mesmos pasos e rutinas xa explicados.

Momento de traballo

Hoxe imos falar das **constelacións**.

- Explicamos que as constelacións son grupos de estrelas que están nun lugar determinado do ceo e que forman figuras imaxinarias.
- Vemos en Youtube un pequeno documental. Poñemos no buscador: “¿por qué brillan las estrellas? Vídeos educativos para niños” de happy learning.

- Ensinamos imaxes de internet de dúas das constelacións máis famosas: a **osa maior** e a **osa menor**. Que diferencias vedes entre as dúas imaxes? Cantas estrelas vedes en cada imaxe?




- Escribimos estas palabras e debuxamos as constelacións. Deixamos que sexa o neno o que conte cantas estrelas ten a constelación: **7 estrelas**. Polo tanto, terán que debuxar 7 puntiños ou estrelas e logo unilos. Despois, faremos o mesmo proceso con pequenas bolas de plastilina uníndoas con paliños. Terán que facer **7 bolas** e despois unilas tentando simular a forma da osa maior e da osa menor.



- Falamos da **estrela polar**, que está na cola da osa menor. Explicamos que é unha estrela que brilla moito e que pode servir para orientarnos porque sempre marca o norte.
- Falamos das **constelacións do zodíaco** (Aries, Tauro, Leo...): Preguntámoslle ao neno si se lembra da data do seu aniversario e buscamos na rede a que zodíaco pertence. Escribimos o nome do noso zodíaco fixándonos nas letras que ten e como sonan esas letras. Despois, buscamos a imaxe desa constelación e falamos dela: que che parece que é? Cantas estrelas ten?

- Representamos a constelación do noso zodíaco con plastilina e paus contando as estrelas que ten a nosa constelación.



- Se o neno se interesa polo tema, podemos buscar as constelacións do zodíaco de mamá, papá, irmáns...

Momento de xogo de mesa

Momento do conto

Momento de exercicio físico

Momento de xogo na Tablet ou dispositivo móbil

Momento de xogo libre

Proposta do día

Hoxe propoñemos inventar unha constelación propia e poñerlle nome.

En lugar de pegatinas de estrelas podedes pegar pequenos trozos de papel de aluminio.



Momento da "Asamblea"

Seguimos os mesmos pasos e rutinas xa explicados.


Momento de traballo

Hoxe imos falar do satélite do noso planeta Terra: a lúa.

- Preguntámoslle ao neno se sempre ve **a lúa** da mesma forma ou se a ve diferente dependendo do día.
- Recordamos o **movemento de rotación e translación** da terra, xa explicados na escola. Entre os membros da familia podemos xogar a representar estes movementos, sendo o neno a terra, outra persoa o sol e outra persoa a lúa.

Primeiro pedímoslle que faga o movemento de rotación, logo o de translación e logo os dous xuntos.

- Aprendemos unha poesía sobre as fases da lúa. O obxectivo é que aprendan a identificar cando a lúa está: Crecente, chea, minguante e nova.



- Representamos as fases da lúa nun debuxo ou manualidade. Ao lado de cada imaxe da lúa, o neno escribirá (con axuda) o nome desa fase.

Exemplos:



Momento de xogo de mesa

Momento do conto

Hoxe podedes ler o conto **“A qué sabe a lúa?”** relacionado coa temática que traballamos hoxe.

Momento de exercicio físico

Momento de xogo na Tablet ou dispositivo móbil

Momento de xogo libre

Proposta do día

Hoxe propoñemos facer unha **lúa chea con textura**. Podedes facela con pintura branca mesturada con fariña ou tamén podedes facela con espuma de afeitar. Os cráteres podedes facelos cun tapón dunha botella de auga.



Momento da “Asamblea”

Seguimos os mesmos pasos e rutinas xa explicados.

Momento de traballo

Hoxe imos falar da duración dun día: 24 horas.

- Repasamos o movemento de rotación da terra que xa explicamos o día anterior.
- Explicamos que a terra tarda 24 horas en dar a volta arredor do seu eixe.
- Escribimos o número 24.
- Contamos ata 24 en voz alta, primeiro axudámoslle nós e logo deixamos que o intente o neno só.
- Collemos un reloxo, o máis grande que teñamos na casa cos números o máis claros posibles e dicímoslle que nos vaia nomeando os números que ve no reloxo.
- Preguntámoslle o seguinte: se o día dura 24 horas, por que no reloxo só aparece ata o número 12?
- Facemos a suma: $12+12=24$
A suma facémola dunha forma visible e significativa para os nenos: Por exemplo, collendo 12 fabas/macarróns dun montón e logo outros 12. Xuntalos e contar o resultado final.
- Debuxamos un reloxo e escribimos os números: haberá nenos que sexan quen de facer a grafía do número eles sos e outros precisarán de axuda ou de puntíños para repasar.

Momento de xogo de mesa

Momento do conto

Momento de exercicio físico

Momento de xogo na Tablet ou dispositivo móbil

Momento de xogo libre

Proposta do día :

Este domingo día 19 é o aniversario de Hugo: 5 anos!

Quen se anima a facerlle un debuxo ou un vídeo para felicitalo? Subirémolo ao blog se mo enviades ao correo. Seguro que lle encantará.